

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Asemblea: continuamos traballando os calendarios do mes de abril. Recórdovos que eran tres calendarios, un para colorear o día que é, outro en branco para que @s nen@s escriban os días e o último para debuxar o tempo que fai cada día (podédelos imprimir nas propostas de actividades que deixei o mércores 1 de abril na web do centro).



Despois @s nen@s imos comenar a traballar un proxecto novo que é “A primavera”. Na ficha que deixei no outro documento, @s nen@s teñen que escribir o día e o mes que començou a primavera e colórealos despois no calendario.

A PRIMAVERA É UNHA ESTACIÓN QUE EMPEZOU O...

DE [] DE []

Marzo 2020						
Luns	Martes	Miércoles	Joves	Venres	Sábado	Domingo
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					


Lóxica- matemática: hoxe imos xogar a medir cousas cunha cinta métrica ou unha regra. @s nen@s poden medir as cousas que queiran e anotalas nun papel, ou poden medir as cousas que deixo na plantilla (podédelas imprimir no outro documento).



CANTO MIDEN ESTES OXECTOS?

	○		○
	○		○
	○		○


Lectoescritura: nas tapas das botellas escribimos a palabra primavera, despois @s nen@s teñen que ordenar as letras e formar a palabra (cos máis pequenos podemos ir deletreando a palabra). Despois podemos xogar a formar máis palabras coas tapas, por exemplo: rama, vía, pera, arpa, etc.



Experimento: como comezamos co proxecto de primavera imos plantar unhas sementes. Necesitamos un bote de cristal, un anaco de algodón e garavanzos ou lentellas.

Primero mollamos o algodón e botamos no medio as sementes, para posteriormente metelas no bote. Día a día iremos coidando a planta e miraremos como vai crecendo.





Especialistas: recordarvos que os martes visítanos no aula a mestra de apoio e os mércores o profe de relixión (para @s nen@s que asisten a esta materia). Anímovos a entrar nos seus apartados na web do centro, e realizar algunhas das actividades que eles vos propoñen.

Conto: para rematar, a miña proposta de hoxe é mirar o conto “Te quiero (casi siempre)” de Anna Llenas (<https://youtu.be/tXJOGPZz3nM>). Ao rematar podedes escribir o título do conto e facer un debuxo (deixo as fichas no outro documento).

